

Resolución de continuación de expedientes de convocatorias de subvencións e convenios ao abeiro do Acordo do Consello da Xunta do 24.04.2020

Antecedentes

1. A Consellería de Cultura e Turismo está a traballar na tramitación da convocatoria pública de subvencións correspondente á Orde do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao Programa 2020.

2. O Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 establece na súa disposición adicional terceira, a suspensión de termos e a interrupción de prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. Con todo, nos apartados 3 e 4 da citada disposición recoñécese a posibilidade de exceptuar, mediante resolución motivada, tal suspensión en determinados supostos. Así, no apartado 4, permite acordar a continuación daqueles procedementos administrativos que veñan referidos a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma, ou que sexan indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

3. Por Resolución do 3 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, deuse publicidade aos Acordos do Consello da Xunta de Galicia, sobre iniciación, continuación e aprobación de expedientes de contratación e subvencións; así como de continuación de procedementos de adjudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

A aprobación de expedientes de subvencións, unha vez completada a súa tramitación interna ata o momento previo á fiscalización, ou a continuación da tramitación para aqueles expedientes respecto dos cales xa se tivesen aprobadas e publicadas as correspondentes bases reguladoras e convocatoria sen ditarse resolución de concesión, deberá someterse á proposta de continuación ao Consello da Xunta co fin de garantir unha coordinación dentro do sector público sobre as actuacións que deben ser autorizadas, por referirse a situacións estreitamente vinculadas aos feitos xustificativos do estado de alarma ou por ser indispensables para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos.

4. A Consellería de Cultura e Turismo elevou ao Consello da Xunta de Galicia para a súa valoración, as propostas relativas a aqueles expedientes de subvencións para os que se propoñía a súa continuidade, por estar vinculados con carácter maioritario, ao funcionamento de servizos públicos esenciais e á protección do interese xeral, nos ámbitos da formación no ámbito cultural e turístico e da lingua galega, ao sostemento do tecido de fundacións culturais, industrias creativas e culturais e atención comunicativa, así como accións directamente vencelladas a preparación do Xacobeo 21 e da mellora da infraestrutura turística, ámbitos especialmente afectados pola crise desatada como consecuencia da pandemia COVID-19 e que compromete a pervivencia de moitas das institucións e empresas nestes ámbitos.



5. O Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 24 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico, establece:

- A autorización para que poida acordarse, polo órgano competente para a aprobación das bases reguladoras de subvencións, mediante resolución debidamente motivada, a continuación dos expedientes de subvencións, actualmente en tramitación, que se relacionan no Anexo.

- A autorización para que poida acordarse, polo órgano competente para a concesión da subvención, mediante resolución debidamente motivada, a continuación dos procedementos de concesión de subvencións cuxas bases e convocatoria se tiveran aprobado e publicado no momento da entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, pero que non se tivese ditado a resolución de concesión, que se relacionan no Anexo.

No anexo de dito acordo está incluído o seguinte expediente:

CONSELLERÍA	ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLE	ESTADO	EXISTE XUSTIFICACIÓN PARA A SÚA CONTINUIDADE
Cultura e Turismo	ORDE do 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao Programa 2020	En execución: Publicadas as bases reguladoras sen ditarse resolución de concesión	Protección do interese xeral no eido da formación no ámbito cultural

Consideracións legais e xurídicas

1.Os apartados 3 e 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (BOE núm. 67, do 14 de marzo de 2020), modificado polo Real decreto 465/2020, do 17 de marzo (BOE núm. 73, do 18 de marzo de 2020).

2.Os Acordos do Consello da Xunta de Galicia de 3 de abril de 2020: acordo sobre iniciación, continuación e aprobación de expedientes de contratación e de subvencións; acordo sobre continuación de procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

3.O acordo do Consello da Xunta de 24 de abril de 2020, sobre a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos en materia de subvencións, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.



Logo de todo isto, con base no establecido no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e dos Acordos do Consello da Xunta de Galicia do 3 e do 24 de abril de 2020,

RESOLVO

Continuar coa tramitación da Orde 7 de xaneiro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras de bolsas de formación en materia de arquivos e se convocan as correspondentes ao Programa 2020 (código de procedemento CT110A), levantando a suspensión do procedemento e reabrindo o prazo de presentación de solicitudes durante catro (4) días naturais.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O conselleiro de Cultura e Turismo

Román Rodríguez González

